



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DE 2020, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
Escusa asistencia	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (29/10/2020)

Dáse conta da acta do pleno celebrado o día 29/10/2020 na que se realiza a seguinte corrección:

Onde di : “O PP votou en contra dunha moción presentada polo grupo socialista na que solicitaban unha financiación máis correcta e a devolución do que a Xunta de Galicia lle debe ao concello e agora vén con isto.”

Debe dicir: “O PP votou en contra dunha moción presentada polo grupo socialista na que solicitaban unha financiación máis correcta”.

Logo de feita a corrección apróbase por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, dos pregos e do expediente de contratación do Servizo de axuda no fogar (SAF). Expdte. núm. 2020/C004/000002)

Vista a necesidade de contratar a prestación do servizo de axuda no fogar, dado que a empresa que vén prestando actualmente o servizo rematará o contrato proximamente.

Vistas as características do contrato que se pretende adxudicar:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



<u>Tipo de contrato</u> : Servizos
<u>Número de expediente</u> : 2020/C004/000002
<u>Obxecto do contrato</u> : Prestación dos servizos de axuda no fogar , mediante o acceso por libre concorrência e para persoas en situación de dependencia. O SAF ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal e nos casos de desorganización familiar, facilitando a permanencia no seu propio entorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando e retrasando a súa posible institucionalización.
<u>Procedemento de contratación</u> : aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (criterios dependentes dun xuízo de valor e criterios avaliábeis de forma automática). Contrato suxeito a regulación harmonizada (artigo 22.c da Lei 9/2017, do 8 de novembro. LCSP)
Tipo de tramitación: Ordinaria
Código CPV : 85000000 (Servizos Sociais)
Valor estimado do contrato: 2.123.081,54 euros (IVE excluído. 4%)
Orzamento base de licitación: 2.208.004,80 euros (incluído o IVE)
Duración da execución: 2 anos + 1 de prórroga. Duración máxima: 3 anos

Visto o disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local, e na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro,

Propónse ao Pleno:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (criterios dependentes dun xuízo de valor e criterios avaliábeis de forma automática), tramitación ordinaria, do contrato de *Prestación do servizo de axuda no fogar (SAF)*.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a súa contratación.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto correspondente:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe
1ª anualidade	231/22799	714.851,99 euros
2ª anualidade	231/22799	735.738,87 euros
3ª anualidade (prórroga)	231/22799	757.414,24 euros
TOTAL		2.208.004,80 euros

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE), deixando constancia no expediente da data de envío do mesmo.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación de acordo co establecido no artigo 156 e seguintes da LCSP 2017, tramitación electrónica, procedendo a publicar no Perfil do Contratante (<https://contrataciondelestado.es>) anuncio de licitación e demais documentación integrante do expediente.

SEXTO.- Delegar na Xunta de Goberno Local a adxudicación do contrato, as competencias en materia de interpretación, modificacións, resolución do contrato, e demais actos de tramitación do procedemento.

A Presidencia sinala que son uns pregos moi técnicos con moito traballo do departamento de servizos sociais que pretenden garantir a calidade do servizo, que melloran as condicións das traballadoras (co visto bo dos sindicatos) e supón un esforzo económico por parte do concello.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que ven incluídas as melloras que reclamaban as traballadoras e que o grupo de goberno vai cumprir a palabra sobre reclamar un mellor financiamento por parte da Xunta de Galicia ao SAF e á dependencia. Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, solicita que se inclúa que os cursos feitos en horario laboral non lle repercutan ás traballadoras, xa que ata agora tiñan que realizar o seu traballo noutras horas, en definitiva, que as horas de cursos se contabilicen como horas traballadas. Di que o seu grupo vai votar a favor.

A Presidencia di que o concello non pode incluír iso nos pregos, senón que ten que ser un acordo entre os sindicatos e a empresa. Cre que xa discutiron o tema e que xa o teñen valorado e chegado a un acordo.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

3º.- Aprobación, se procede, do Plan de Acción para o clima e a Enerxía Sostible (PACES) do concello de Vedra, segundo o modelo do Pacto das Alcaldías para o clima e a enerxía EUROPA.

Dáse conta do informe da comisión informativa de asuntos xerais do 19/11/2020 no que di: “Este Concello está adherido ao Pacto de Alcaldes para o Clima e a Enerxía, que



pretende achegar os obxectivos enerxéticos marcados por Europa aos concellos de todos os países europeos. Mediante esa adhesión os concellos comprométese, entre outros, a presentar un Plan de Acción para a Enerxía Sustentable e o Clima (PACES) no prazo de dous anos a partir da sinatura oficial do Pacto.

Vista a Orde da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, do 5 de maio de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ás entidades locais asinantes do Pacto de Alcaldes para o Clima e a Enerxía Sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (DOG núm. 93/20, do 14 de maio) este concello solicitou unha axuda para a elaboración do PACES de Vedra.

Por Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da citada Consellería, do 1 de setembro de 2020 (DOG núm. 185/20, do 11 de setembro), concedeuse unha axuda por importe de 6.000,00 euros (100% do solicitado).

Vista a insuficiencia de medios propios, en función do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, e na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello, 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro, adxudicóuselle a redacción do mesmo á empresa Eficiencia Enerxética de Galicia, S.L.U.

Unha vez redactado o mesmo,

Proponse:

Primeiro.- Aprobar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) do concello de Vedra, segundo modelo do Pacto das Alcaldías para o clima e a enerxía EUROPA redactado pola empresa Eficiencia Enerxética de Galicia, S.L.U.

Segundo.- Publicalo na Plataforma de Pacto dos Alcaldes da Oficina da Unión Europea.

A Presidencia di que despois da adhesión no ano 2019 a este pacto, adquiriuse o compromiso de facer este primeiro documento. É un documento xenérico que sinala basicamente dous puntos interesantes: saber de onde se parte e despois definir xenericamente sen meterse en aspectos concretos que é o que se vai facer nos próximos anos.

Hai que partir de saber cal é o nivel do concello de emisión de gases de efecto invernadoiro partindo do 2011, e logo definir as accións para diminuír eses efectos e baixalos nun 40% ata o 2030.

As accións para mitigar e diminuír están definidas de forma moi xenérica, compatibles e complementarias cos traballos que se están facendo a nivel máis concreto coa Universidade de Santiago.



Neste documento móstrase que onde se debe incidir é no ámbito privado da xente que é onde está o global da baixada das emisións do CO₂. É obrigatorio a revisión do mesmo cada 2 anos.

Parte das accións que lle corresponden á administración local xa se foron facendo (caldeiras de biomasa, cambio a LED, etc.), pero quedan por realizar accións en todos os edificios e instalacións do concello, mobilidade, etc. que se farán nos próximos anos.

Probablemente isto sexa unha das declaracións máis importantes que se van adoptar porque é un compromiso firme e claro de que hai que actuar neste ámbito. Esta corporación, en base á sinatura do documento, comprométese a levalo adiante na medida das súas posibilidades, independentemente de quen governe. Solicita o voto a favor.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que van apoiar a moción e que o goberno socialista actual tamén aposta pola Axenda 2030 que tamén vai nese sentido.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que analizaron o PACES e vano apoiar e facer unha suxestión transversal. O BNG xa presentara varias propostas neste sentido que quedaron no caixón esquecidas e lamenta o tempo perdido.

Este PACES non vai valer para poder acceder ao financiamento do Pacto Verde Europeo. Necesita que leve un anexo que é un estudo global con metodoloxía Nexus e así está recollido. Era aquel PAES que presentou o BNG en 2016 e que quedou no caixón despois de ser aprobado.

Hai poucos días faláronse de que tiñan un promotor para o desenvolvemento do polígono industrial, e algo que está a funcionar moi ben, mesmo en concellos gobernados polo PP, é utilizar fondos do Pacto Verde para os que si hai financiamento a través dun plan xenérico con metodoloxía Nexus para xerar o desenvolvemento de polígonos industriais a través de comunidades enerxéticas. Se se quere desenvolver esa fase do SUD-5 de xeito coherente co século XXI débese facer un estudo global con metodoloxía Nexus que estea orientado a conseguir despois un financiamento a través do Pacto Verde para facer unha comunidade enerxética no polígono que se pretende desenvolver.

A Presidencia di que toma nota das suxestións que acaba de facer e que estudarán o tema.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

4º.- Acordo, se procede, sobre moción do grupo municipal do BNG para dotar de patio á escola unitaria de San Xián de Sales.

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, na que expoñen que recentemente o concello realizou obras de adaptación e renovación do edificio destinado á escola de San Xián de Sales, dotándoo de dúas aulas (infantil e primaria) e unha sala de xogos.



A escola de San Xián de Sales conta cun alumnado estable, de entre 20-30 nenos/as todos os anos, sendo a unitaria do concello con máis alumnos (repartidos entre infantil e 1º e 2º de primaria).

O edificio foi concibido sen patio de xogos, o que arrastra un prexuízo que, no actual estado de excepcionalidade pola crise sanitaria da COVID-19, tórnase inaceptable, poñendo incluso en risco a posibilidade de manter a propia escola aberta.

O edificio linda pola parte posterior cunha masa de terreo cualificada SXP-3 (Sistema xeral adscrito ao sector urbanizable non delimitado SUD-1, San Xián, Quintáns e SUD-2 San Xián Sur), e trátase dunha reserva de solo cuxa finalidade prevista é para servizo do termo municipal.

O BNG xa levou no seu programa electoral a presente moción, e na actual situación de crise sanitaria entende que dotar a esa escola dun patio de xogos é unha prioridade que non pode demorarse máis, polo que solicitou un informe urbanístico e de actuación a un estudo de arquitectura que se achega á presente moción.

Nel establécense dúas vías posibles de actuación: a redacción dun convenio urbanístico coa propietaria do terreo ou a tramitación dun expediente de expropiación do mesmo.

Polo exposto solicitan ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Dotar á escola de San Xián de Sales, á maior brevidade posible, dun patio de xogos, a través dun proceso de convenio ou de expropiación da parcela anexa ao edificio (clasificada SXP-3 no PXOM de Vedra), de acordo co informe de “posibilidades para a obtención dunha finca para o equipamento escolar”, anexo á presente moción.

Segundo.- Priorizar a modalidade de convenio urbanístico (analizando a posibilidade de alugamento) fronte á opción de expropiación.

Terceiro.- Tomar unha decisión sobre da metodoloxía de actuación e ter iniciados os trámites pertinentes o día 11 de xaneiro de 2021.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, manifesta que a proposta do seu grupo ao respecto é de xullo e que votarán en contra da moción, xa que ten unhas pretensións escasas, solicitando só un patio e que presentan a súa propia moción, solicitando a retirada da do BNG.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, expón que o seu grupo non vai a retirar a moción. Di que o BNG solicitou un informe e chegou á conclusión deses dous procedementos, así como que outros técnicos lle sinalaron que era viable iniciar o proceso de expropiación e a ocupación inmediata porque está recollido na lexislación correspondente á situación de emerxencia.

Existe unha planificación máis sosegada, na que se solicita que se teña en conta o informe, que se utilice para o que sexa preciso e que se inicie o proceso ou ben de convenio ou ben de expropiación para que non haxa o problema de que a Consellería de



Educación decida que as unitarias que non estean en situación de salubridade se teñan que pechar.

Solicita o voto a favor.

A Presidencia di que o grupo de goberno vai apoiar a moción e espera que sexan capaces de solucionar este problema a través dun convenio e intentarán por todos os medios que haxa ese acordo cos propietarios.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que como xa manifestaron na comisión informativa van votar en contra porque a consideran oportunista, escasa porque non achega nada novo ao que se falou na xuntanza, con escasas pretensións, porque levaban traballando no tema desde xullo, por contar cuns servizos privados e pola escasa confianza que o Sr. Pose Rodríguez lle ten aos servizos públicos municipais. O seu grupo ten a súa propia proposta.

Posta a votación, apróbase con nove votos a favor do PP e BNG e tres votos en contra do PSdeG-PSOE.

5º.- Adhesión, se procede, ao manifesto 25N da Fegamp #concellosgalegos#PoloBoTrato da Fegamp.

Dáse conta do seguinte manifesto da Fegamp:

Os concellos galegos manifestamos o noso rexeitamento ante todo tipo de violencia, de xeito específico, o noso compromiso coa erradicación da violencia exercida contra as mulleres; drama que coñecemos ben a través dos 82 CIMs que compoñen a rede municipal de atención á muller na nosa comunidade autónoma.

Un estudo da Federación Galega de Municipios e Provincias vén de amosar que o ano pasado 16.000 galegas solicitaron atención nos nosos centros. Cantas máis non chegan ás nosas portas e seguen a sufrir maltrato?

Precisamos reforzar os plans de prevención e de resposta, dotalos axeitadamente de fondos, recursos humanos e materiais, e sobre todo, que as vítimas sintan que os nosos servizos de asistencia e protección están aí para elas e poidan reunir as forzas para pedir axuda. Estas necesidades sempre deben ser prioritarias, pero que neste intre son unha emerxencia maior.

A COVID-19 fai que corran tempos duros de estrés económico e psicolóxico. Cada unha destas tensións é de por si un perigo detonante de condutas irracionais como o machismo e o maltrato, e a combinación das mesmas multiplica a ameaza. Por se isto fora pouco, as restricións para combater esta crise sanitaria son para moitas vítimas do maltrato, un pesadelo peor que o propio coronavirus, xa que ditas medidas obrigan a reducir ao máximo as relacións sociais e permanecer no círculo familiar máis estreito, é dicir, a ficar máis illadas co que maltrata. Cómpre, dende as nosas competencias e responsabilidade, pór todos os medios para evitalo.

As políticas de prevención, vixilancia e auxilio ante o maltrato son a primeira liña de batalla.



Pero non se pode perder de vista que o obxectivo final é erradicar o xerme: a mentalidade que fai distincións entre homes e mulleres en lugar de considerar a todos por igual como o que son: persoas. Esta discriminación -xerada, mantida e defendida por unha tradición que machismo dominante- é o grillón que impide á muller ocupar na sociedade o espazo que lle corresponde por dereito propio. Os teitos de cristal e a discriminación laboral e salarial son difíciles de probar, pero existen. Por ese machismo, a muller segue a quedar enmudecida fóra dos órganos de decisión, cando o que a sociedade necesita é darlle voz e enriquecerse coas súas achegas.

Como a brillante Concepción Areal sinalara hai case dous séculos: “a sociedade non pode en xustiza prohibir o exercicio honrado das súas facultades á metade do xénero humano”. Pero ademais de minar o dereito a un traballo digno ou unha carreira profesional, as trabas laborais comprometen a independencia de moitas mulleres, abocándoas unha vez máis a elas e aos seus fillos e fillas, a calellas sen saída con quen as maltrata.

O maltrato é froito dun comportamento, e a mellor ferramenta para prevelo é a concienciación; que os propios homes non só non conciban a violencia senón que teñan a vontade de combatela. A promoción da igualdade real entre mulleres e homes é un reto que debe asumir a sociedade en xeral pero, por ser os máis próximos ás persoas, os gobernos locais temos un papel decisivo. É fundamental traballar na educación e a concienciación da cidadanía, aplicando a perspectiva de xénero en todas as nosas políticas e accións. Por iso, dende o municipalismo, facemos un chamamento a todas as institucións locais, para que no seu día a día aproveiten a oportunidade que teñen de traballar #PoloBoTrato e sigan o decálogo de boas prácticas elaborado pola nosa Federación e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Daquela, avancemos nesa busca da igualdade real entre homes e mulleres:
#PoloBoTrato comprometámonos a:

1. Empregar linguaxe libre de connotacións sexistas.
2. Integrar a perspectiva de xénero nas nosas decisións.
3. Difundir unha imaxe non sexista da muller.
4. Traballar na prevención da violencia machista e promoción dos valores de igualdade e respecto entre toda a poboación, especialmente a máis nova.
5. Fomentar a ética e a corresponsabilidade nas tarefas e o coidado tanto de menores como de persoas dependentes.
6. Identificar e emendar as posibles deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a violencia cara as mulleres.
7. Respetar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal.
8. Promover unha representación equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos de actuación municipal.
9. Rexeitar a contratación de actividades nas que se ofrezan unha imaxe sexista da muller.
10. Prestar especial atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade.

A Presidencia solicita a adhesión ao citado manifesto.



Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que van apoiar a moción e recorda que hai tres ou catro anos o seu grupo trouxo a pleno unha moción facendo fincapé no 25N solicitando medidas. É algo do que o seu partido se sente orgulloso xa que sempre estiveron nesa loita. Solicita que se faga visible dende as institucións, dende os cargos que lle corresponden a cada quen, sexa na vida pública ou na privada.

O punto oito do manifesto di: Promover unha representación equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos de actuación municipal; e recórdalle á Presidencia que a Xunta de Goberno Local está formada só por homes.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que o seu grupo vai apoiar a adhesión ao manifesto e xa que mañá é o 25N espera que todos os homes da corporación, igual cás mulleres, asistan aos actos programados polo concello.

A Presidencia di que si asistirán, e respóndelle a dona Beatriz Amenal que cre que cada un conforma os seus equipos e distribúe as súas responsabilidades e non se debe mirar se son homes ou mulleres. Sinala que tamén lle gustaría saber cantos concellos de Galicia tiveron durante oito anos a unha muller como concelleira de obras.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

6º.- Aprobación, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE para dotar a San Xián de Sales dun espazo público no entorno do campo da festa e da escola unitaria.

Declárase a urxencia da mesma, que é aprobada por unanimidade.

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, na que expoñen que no pleno do 22 de xullo a voceira do seu grupo elevou un rogo, solicitando unha mesa de traballo ou reunión de todos os grupos políticos, invitando á AA.VV e aos servizos técnicos municipais de urbanismo para buscar unha solución á falta de espazo público na parroquia de San Xián de Sales.

No ano 2007 cando se aprobou o PXOM deixouse previsto un solo dotacional no terreo que está detrás da escola, condicionado o desenvolvemento dos urbanizables previstos nesa parroquia.

Na actualidade seguen sen desenvolverse os urbanizables e a parroquia segue sen dispor dun espazo público para facer un parque infantil en condicións para dar servizo, non só á escola, senón tamén ás familias que se asentan na parroquia.

Na reunión mantida o pasado 3 de novembro entre o Alcalde e representantes dos grupos políticos municipais, o presidente da AA.VV. e a técnica de urbanismo, chegouse á conclusión de que o espazo adecuado para solucionar o problema é o que quedou previsto no PXOM, comprometéndose o Sr. Alcalde a iniciar as negociacións cos propietarios do terreo para chegar a un convenio con eles, se fose posible, contemplando outras actuacións que quedaron relegadas á posible primeira solución.

Nesa reunión o BNG acudiu cunha moción centrando unicamente o problema na escola unitaria e o parque infantil.



Dende o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE instan a:

1º.- Que o BNG retire a moción pola escasa pretensión da mesma, á parte de ter aceptado acudir á reunión, cando parece que xa tiñan a súa propia solución en clave de moción.

2º.- Que o Alcalde os manteña informados da marcha das negociacións mensualmente, e conte con eles para facer máis forza se cabe e poder acadar a solución a este problema que todos e todas queren arranxar.

3º.- Axilizar os prazos para, se non é posible chegar a un convenio cos propietarios nos próximos 3 meses, pasar á segunda fase, que para non enturbar dita negociación, resérvana esperando que non sexa necesario chegar a ela.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, alégrase de que o grupo de goberno estea de acordo e vaia iniciar esas negociacións e rógalle que os informe cada mes. Por outro lado sorpréndelle a actitude do BNG. Espera e desexa que se inicien as negociacións e cheguen a bo porto e solicita o apoio á moción.

A Presidencia di que a moción ten tres puntos e o primeiro non o poden aprobar polo que roga que o retiren da mesma.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que obviamente o punto un da moción non ten ningún sentido e que a apoiarán se o retiran.

Cre que iso de facerlle unha moción á oposición non lle parece correcto porque o BNG non é o grupo de goberno. Di que presentar unha moción por vía de urxencia para que se retire unha moción que foi presentada en tempo e forma, que foi debatida e aprobada en comisión para ser presentada e defendida en pleno, demostra un descoñecemento enorme do funcionamento do que é unha sesión plenaria.

O punto tres da moción onde di que van pactar un convenio cunha familia, e que de non ser así, van aplicar unha fase misteriosa que ninguén coñece, non é serio nin procedente e que o Pleno non é o patio dunha escola.

Cre que esa moción non a poden defender ante ex-concelleiros do PSdeG-PSOE nin publicamente.

Repíte que se retiran o primeiro punto, van votar a favor e aprobarase por unanimidade.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que menos mal que está o Sr. Pose Rodríguez para ilustralos. Pregúntalle se non lle parece oportunista a moción que presentou o BNG, cando o grupo socialista xa iniciara os traballos para dotar dese espazo público á parroquia de San Xián e se sabe o que é a lealdade ao adversario.

Di que quen ten que actuar é o goberno do PP, e presentan a moción porque parece que o BNG non detectara ningún movemento ao respecto e iso non é verdade. Confiaba en que o BNG retirara a súa moción, por iso vai no punto primeiro, pero como non o fixo, van retirar o primeiro punto da moción.



Posta a votación, apróbase, coa retirada do primeiro punto, por unanimidade.

7º.- Aprobación, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE para as medidas de apoio a familias e empresas locais.

Declárase a urxencia da mesma, que é aprobada por unanimidade.

Dáse conta da citada moción na que se expón que dende a pasada primavera, tanto España como o resto do mundo viuse inmersa na que probablemente sexa a peor pandemia do século XXI por mor do virus da COVID-19.

Os efectos da pandemia están sendo letais a nivel económico tanto para familias como para negocios, e é algo que como concello non se debe pasar por alto e hai que darlle vital importancia.

As empresas, en especial a hostalaría, viu minguada a súa facturación de maneira drástica xa na primeira vaga, onde algúns tiveron que pechar, e de maior xeito nesta segunda, da que moitos dos negocios restantes verán a súa fin se non se actúa con eficacia e con rapidez.

Sábese que as empresas ou autónomos que se ven abocados a un peche forzoso ou a restricións de aforo, tamén se ven minguados economicamente, o que tamén afecta ás familias, ERTES, non renovacións de contrato, cese de actividade dalgúns autónomos, etc. En definitiva a pandemia está a afectar tanto ás empresas locais como ás veciñas e veciños de Vedra.

O Goberno de España e a Deputación Provincial aprobaron varias medidas nas que os traballadores recibirán axudas económicas directas mentres que a Xunta de Galicia despois de oito meses de anunciarlas vai a remolque e actúa, como é costume, tarde, mal e arrastro, e aínda así a contía do ente autonómico é escaso en comparación a outras comunidades de menor número de habitantes, polo que o total das axudas vese minguado e polo que o Concello debe actuar.

Por iso, o grupo socialista de Vedra solicita:

1º.- Axudas para o alugueiro/hipoteca durante tres meses (cun tope máximo por familia) a familias onde algúns dos seus membros quedara sen traballo dende o 12 de marzo de 2020 (paro ou ERTE).

2º.- Exención/devolución dos impostos municipais ás familias cos dous membros en situación de desemprego (un no caso de familias monoparentais) cando, polo menos, un deles tivera lugar con posterioridade ao 12 de marzo de 2020.

3º.- Exención da taxa por ocupación da vía pública do ano 2020 e 2021 nos locais de hostalaría.

4º.- Devolución de todos os impostos/taxas municipais (IVTM, auga, saneamento, abastecemento, IBI, lixo) cobrados no presente exercicio fiscal ás empresas/autónomos



que acrediten unha perda de ingresos igual ou superior ao 30% con respecto aos últimos seis meses previos ao primeiro Estado de alarma.

5º.- Permitir o aumento de ocupación da vía pública (dentro dunha orde) de todos os establecementos que así o precisen para a colocación de expositores ou terrazas no que queda de 2020 e no 2021 ata que a situación se normalice.

6º.- Financiar dende o concello publicidade nos distintos medios de comunicación da comarca e comarcas limítrofes (radio, xornais, etc.) das empresas afincadas no municipio.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que é sabido por todos que as empresas de hostalaría son as máis prexudicadas, aínda que non son as únicas, co que moitas familias viron minguados os seus impresos.

Hai uns días que o Presidente da Xunta de Galicia comentaba nun twit que “é necesario que outras administracións habiliten ou manteñan apoios para o sector da hostalaría para entre todos e sumando esforzos paliar os danos que está a sufrir. Pedimos ao Goberno Central que reduza a un 4% o IVE turístico, e aos concellos que eximan das taxas á hostalaría”.

Solicita o apoio á moción.

A Presidencia contesta que pode ter por seguro que o concello vai apoiar á hostalaría dentro das limitadas posibilidades que ten o concello neste momento, pero o voto á moción vai ser en contra porque foi presentada sen tela traballado un pouco. A moción non é coherente, non existe xustiza social na proposta, etc. e mesturan todo.

No preámbulo di que os gobernos socialistas do Estado e da Deputación cumpren e a Xunta de Galicia non, pero usa o tempo verbal de futuro “recibirán”, co cal quere dicir que aínda non recibiron.

Todas as administracións lanzaron axudas para material, adaptar os negocios, tarxetas de compra, etc. e agora lanzan axudas para os hostaleiros (negociadas con eles mesmos), axudas directas, axudas para autónomos, préstamos cun interese practicamente cero con sete anos de amortización e tres de carencia, etc.

A Deputación sacou un programa en colaboración cos concellos, o Pel Reactiva, onde o 20% é achegado polos concellos. No caso de Vedra son 78.000 € dos cales o concello pon 16.000 €. Este plan é para empresas que pecharan, como a hostalaría, que estean en ERTE ou que tiveran unhas perdas que sexan dun 75%.

Tamén lle di que o Goberno do Estado puido aprazar a facer a subida na cota aos autónomos o mes pasado e non o fixo, porque tamén sería unha maneira de axudalos.

No punto un non está de acordo e pregunta se as axudas ás hipotecas son para aquelas persoas que mercaron unha vivenda de 200 ou 300 mil euros.



No punto dous fala dos que están en situación de desemprego a partir do 12 de marzo e pregunta por que non contabiliza os que están dende antes.

Cre que as axudas ás persoas se deben determinar polo nivel de renda, xa que pode ser que haxa persoas que estean os dous no paro e teñan un nivel de renda elevado porque teñen aforros, patrimonio etc. e pode haber familias con dous membros traballando a tempo parcial e o nivel de renda pode ser baixo. Por exemplo, non lle parece xusto que se a súa dona queda en paro, se poida beneficiar el desa axuda.

Por outro lado non é certo que o concello non estea atento ás situacións de necesidade, porque cando se producen, os distintos departamentos do concello están para axudar, tutelar, aconsellar, etc. con independencia das actuacións das distintas administracións. Tamén se buscaron solucións habitacionais para quen non as tiña, non houbo desafiuzamentos, e o nivel de paro en outubro de 2020 é inferior ao 10%. Si é certo, que é posible que no ano 2021 haxa máis xente no paro e baixen os niveis de renda por desgraza, o que suporá que haxa que axudar a máis xente porque haberá máis persoas nesas niveis de renda que poderán acceder ás axudas, bonificacións de servizos, etc. Espera e desexa que sexa a menor xente posible.

Entende que a moción vai máis polo sentido das empresas, e así o reflicte en catro puntos, dos cales tres xa non son aplicables. No punto 3 (exención taxa por ocupación da vía pública), non se cobra ningunha taxa. No punto 5 (aumento de ocupación da vía pública) di que todos aqueles que o solicitaron non se lles puxo ningún tipo de impedimento. O punto 6 (publicidade nos medios de comunicación) xa se realizou, por exemplo, coa campaña “Hai Vedra”.

Respecto ao punto 4 (devolución dos impostos/taxas municipais), pregúntalle se é consciente do que está pedindo. Pregúntalle se está pedindo que non lle cobre o IBI a Acega ou se lle devolve o IBI a un local que estea arrendado. O IBI é un imposto regulado polo Ministerio e o concello non pode facer as modificacións que lle dea a gana, senón as que veñen marcadas pola lei.

Por todo isto, van votar en contra da moción e cre que a deberían traballar un pouco máis e enfocala ás condicións de Vedra.

Intúe que o que está pedindo é que se axude ao sector da hostalaría e a algún sector máis, porque en Vedra, por exemplo, hai pirotecnias que están en moi mala situación.

Os concellos non teñen capacidade económica para facer fronte a esas axudas, e como xa se falou na FEGAMP, cre que esas axudas deben partir doutras administracións. O concello si vai axudar, pero teñen que estudar en que condicións, a que sectores, etc. Cre que as solicitudes do Pel Reactiva é unha boa medida para ver por onde deben ir.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que é difícil votar a favor de algo que non pode ser. Na moción hai erros de redacción e puntos que non teñen ningún sentido. Propón que retiren a moción, que se fale nunha comisión informativa e a volvan a presentar no próximo pleno. Cre que non é o momento nin o lugar de votar isto agora nin de perdoar miles de euros do IBI de Acega.



As incongruencias da moción supón eliminarlle o IBI a empresas que facturan millóns de euros e cre que non ten sentido ningún.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que pode ter algún erro, pero que se entende perfectamente. Tampouco ela vai facer as bases dunhas axudas, xa que para iso están os técnicos do concello. Di que non ten problema en retirala.

A Presidencia di que está disposto a convocar unha xunta de voceiros para tratar o tema e poder chegar a un acordo e a un punto de equilibrio económico do concello.

O grupo municipal do PSdeG-PSOE retira a moción.

8º.- Aprobación, se procede, sobre a reclamación á Xunta de Galicia para a mellora do financiamento do SAF dependencia do concello de Vedra.

Declárase a urxencia da mesma, que é aprobada por unanimidade.

A Presidencia di que ese texto está redactado nun 90% polos técnicos municipais. Consta dun encadre normativo, unha análise do custe do SAF no ano 2019, as previsións para o 2021, as consideracións dos técnicos sobre o custe do financiamento do SAF e explica cal é a situación actual do concello de Vedra.

No ano 2008 tiña un custe de 100.000 € e doce anos despois ten un custe de 700.000 €. Se non soben a achega da Xunta de Galicia, que é de 9,70 €/hora, vai ser insostible e non se poderán aumentar as horas de atención e porá en risco a prestación doutros servizos fundamentais no concello.

Por iso solicita á Xunta de Galicia:

Este é un servizo imprescindible e fundamental, e en época de pandemia, clave para atender con seguridade aos nosos maiores, pero indubidablemente se o custe se segue disparando e a Xunta non sube a súa achega, conseguirase colapsar o servizo, pois a consecuencia inmediata é que o concello de Vedra non poderá asumir máis horas e por tanto non poderá atender a máis xente. Por outro lado ponse en grave risco o mantemento doutros servizos básicos para a poboación de Vedra, non só nos servizos sociais, pois non haberá capacidade financeira para asumilos, poñendo en dúbida a supervivencia deles.

Polo que o Pleno da Corporación de Vedra fai un chamamento á responsabilidade das administracións con competencia na materia (estatal e autonómica) a fin de que se revisen os criterios de financiamento do SAF e de forma urxente se incremente a financiación do prezo/hora acorde ao custe real do mercado, de xeito que permita garantir a sostibilidade do mesmo.

No caso concreto da Xunta de Galicia é clave, fundamental e urxente, subir a súa achega como mínimo a 14 euros/hora, ou de forma alternativa que asuma a propia Xunta de Galicia a prestación do servizo.

Di que a reclamación van a mandala de todos os xeitos; ben como grupo de goberno ou



ben como acordo do Pleno, polo que solicita o apoio.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que isto vén a colación da moción que o seu partido presentou no Pleno de xaneiro de 2020 onde instaba a:

“Primeiro.- Á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte, chegando como mínimo á achega que fai a Deputación da Coruña.

Segundo.- Á Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020 que lle permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.”

O informe que presenta agora o grupo de goberno é completo e vén a dicir o mesmo que dicía a moción socialista. Naquel momento o PP votou en contra e alégrase de que agora rectificquen, polo que votarán a favor.

Neste momento abandona a sesión dona Diana Varela.

A Presidencia puntualiza que cando se envíe á Xunta de Galicia solicitará unha entrevista coa Conselleira.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que van apoiar a proposta.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos presentes.

9º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:

1º.- Sobre cal é o motivo para que na Xunta de Goberno do 15 de outubro onde se publican as indemnizacións por asistencias dos membros da corporación do 3º trimestre non figure o Sr. González Couto, a Presidencia di que xa está contestada.

Dona Beatriz Amenal di que na táboa que enviaron tamén sae o Sr. Vázquez Martínez que non cobra indemnizacións por asistencias.

A Presidencia di que se o Sr. González Couto cobrase quilometraxe tamén sairía, pero como non é o caso, non sae.

2º.- Respecto á aprobación das bases dun oficial de segunda tractorista cunha duración de seis meses a xornada completa para reforzo e atención das tarefas de limpeza e conservación de camiños, a Presidencia contesta que as bases están publicadas na web municipal en formación e emprego. Están pendentes de realizar as probas.

3º.- Sobre a Resolución da Alcaldía do 28 de setembro ordenando a execución subsidiaria de traballos de biomasa para prevención e defensa contra incendios en



parcelas particulares, a Presidencia di que o expediente de execución subsidiaria refírese a unha parcela situada no lugar de A Torre en San Xián de Sales.

Esta parcela tiña varias denuncias por incumprimento da Lei de incendios e chegouse a un procedemento de subsidiaria despois de que fose imposible a notificación aos titulares da parcela e trala publicación no taboleiro de edictos do Estado das distintas fases do procedemento.

Actualmente, xa se realizou a valoración económica dos traballos de xestión da biomasa que están pendentes de levarse a cabo por un trámite cuns cables telefónico. Cando isto se solucione seguirase o procedemento habitual dunha execución subsidiaria que será o traslado á Consellería do Medio rural para apertura de expediente sancionador e o traslado dos custos da execución aos titulares da parcela.

Os titulares da parcela non fixeron caso ás notificacións.

--Ás preguntas de dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:

1º.- Respecto do arranxo e posta a punto das áreas recreativas do concello, di que é un rogo do que toman nota.

2º.- Sobre a segunda fase da pista de rodadura de Vedra, contesta que é unha das obras que están pendentes de licitación e que tentarán comezar o máis pronto posible.

3º.- Respecto a canto se aforrou durante a pandemia dado que se suspendeu o contrato a Acofide e Ana Naya, S.L., a Presidencia di que o que se aforrou por un lado gastouse por outro. Cando se liquide o orzamento terá as cifras exactas. En calquera caso, neses servizos concretos o R.D.L. 8/2020 establecía certos gastos que podían seguir facturando a pesares de suspender o servizo, polo que non é un aforro total en cada mes. Aproximadamente, en números brutos, Acofide son uns 18.000 € e Ana Naya S.L. uns 30.000 €.

4º.- Sobre o censo de veciños, di que a día de hoxe é de 5.036.

5º.- Respecto á débeda de provedores coa que se vai pechar o ano 2020, a Presidencia contesta que non é adiviño e non o sabe. Cando se liquide o exercicio responderalle e espera que sexa a menor posible.

Sobre as luces de Nadal di que pouco se gasta e cre que un pouco de alegría nestes momentos non vén mal, polo que algunha vaise poñer.

6º.- Sobre un pequeno recorte salarial dos tres que teñen dedicación, di que é un comentario que non comparte.

7º.- Respecto da actualización das taxas na páxina web municipal e que os folletos das liñas de transporte estean nas casas antes de que comece a funcionar contesta que toma nota.

8º.- Sobre cal é a franxa de seguridade contra incendios nas estradas da Xunta de Galicia e da Deputación de A Coruña, a Presidencia contesta que dende o límite do dominio público de estradas convencionais, autovías, autoestradas, etc. son 2 metros no caso de frondosas e 10 metros para o resto de especies (piñeiro, eucalipto, mimosa, etc.)



Para pistas de alomenos 5 metros de ancho e polo menos unha gabia: 2 metros no caso de frondosa e 6 metros no resto de especies (piñeiro, eucalipto, etc.) contando dende o límite exterior da cuneta. Matizar que son 6 metros e non 4 en Vedra por tratarse dun Concello considerado de alto risco.

9º.- Respecto a instar a Abanca para que coloque un dispensador de xel hidroalcolico no caixeiro de Santa Cruz, e que lle trasladen a petición a Boqueixón para que fagan o mesmo na de Lestedo, di que xa llo trasladaron.

10º.- Sobre como funcionaron os bonos da campaña “Hai Vedra”, di que os bonos gastábanse nos comercios de Vedra.

--Ás preguntas do Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto do arranxo do acceso na fervenza do río Pereiro, di que é un rogo do que toman nota.

2º.- Sobre o arranxo do paso de peóns xunto á escola de San Fins di que xa está feito o lombo e que lle darán unha volta para ver que máis poden facer.

3º.- Respecto á solicitude dun colector de vidro para San Fins, di que xa está co tema o Sr. Vázquez Martínez.

4º.- Sobre a retirada dun piñeiro que está tirado en Picón á beira da estrada, di que non sabe se o retiraron ou non, pero que xa están avisados os responsables.

5º.- Respecto da solicitude dunha zona de aparcamento para caravanas en Santa Cruz na contorna do CEIP Ortigueira, di que toma nota.

6º.- Sobre a estatua da camelia di que está terminada e levan dende outubro intentando atopar unha data para facer un acto sinxelo. Confía en que poidan facelo a primeiros de decembro.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto dos horarios de entrada e saída dos centros de bacharelato de pola mañá e o dos autobuses, a Presidencia contesta que se revisaron e case todos seguen cos mesmos horarios que tiñan antes e cando negociaron con Mobilidade o tema das liñas, frecuencias, horarios, etc. xa tiñan.

Tal e como está o deseño das frecuencias non hai ningún problema. Só variou Lamas de Abade en cinco minutos e non se ve afectado.

Neste ano de COVID só hai unha franxa que está afectada, que é a entrada en Pontepedriña ás 08:15, porque nas frecuencias previstas o primeiro transporte que chega alí é as 08:20. Esta situación vai durar como moito 6 meses ata final de curso. Habrá que ver que é máis sinxelo, se falar cos rapaces afectados se os houbese e buscar unha



solución con eles estes seis meses ou modificar unha liña que está interconectada porque afecta a outros servizos.

Di que se coñecen a alguén nesa situación que o poñan en contacto co concello.

--Ás preguntas de dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre instar ás familias que teñen o SAF, que cando estean as traballadoras no domicilio utilicen a máscara, a Presidencia di que xa llo transmitiron ao departamento de servizos sociais.

2º.- Respecto de se están a cumprir o cociente de 4+1 nas actividades deportivas e culturais do concello, a Presidencia di que estase a cumprir coa normativa tanto as do concello como as de asociacións. Actualmente non hai actividades deportivas.

10º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Na Xunta de Goberno Local do mes pasado hai unha indemnización en Romarís a un particular por unha obra de saneamento e pregunta se iso está contemplado no proxecto, quen é ese propietario e a cantos euros ascendeu.

2º.- Respecto dos tres contratos menores a Ferretería-Droguería El Sol, Limpiezas Germania, S.L. e a M. Baluja, quere saber cal é o motivo de facer tres contratos menores polo mesmo servizo. Hai un por 14.500 € e cre que o máximo son 15.000 € e outro de 789 € e outro de 1.815 €. Pregunta se iso ten que ver con que superaban os 15.000 € e están actuando conforme á lei.

Solicita un informe de Secretaría no que lle aclare se o concello pode asinar cunha mesma empresa un contrato menor de 15.000 € cada mes ou cada trimestre, por exemplo.

--Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- O persoal que limpa o CPI de Vedra é escaso, agora xa confirmado pola dirección do centro. Solicita que cando fagan o novo concurso por tres meses teñan en conta as necesidades reais do centro.

2º.- A débeda coa que se vai pechar o ano 2020 sae normalmente na prensa antes de pechar o ano. Pregunta se son visionarios.

3º.- Na Xunta de Goberno Local hai unha factura de 500 € a Hércules Ediciones pola compra de 40 exemplares de A noite en que todo cambiou de Concha Otero. Pregunta se é casualidade que esta veciña de Trobe fora membro da candidatura do PP de Vedra nas eleccións municipais de 2019.

Pregunta se iso de mercar libros que publican veciños de Vedra se fai sempre ou só cos de primeira categoría. Lémbrale á Presidencia que os cartos do concello non son para pagar favores persoais, senón para investilos no concello.



-- O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Que obras se van facer no concello de Vedra co obradoiro de emprego.

2º.- En San Fins a senda peonil está sen rematar e pregunta se ten pensado rematala nesta lexislatura.

3º.- Pregunta se ten pensado limpar as cunetas este ano antes de que veña a choiva, porque pola zona de San Xián, Illobre e San Fins case non fixeron nada.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- As aulas Cemit están habilitadas xunto coa Amtega para a realización do plan de inclusión dixital de Galicia. Hai concellos que non a teñen como Teo e Boqueixón e Vedra si a ten e está paralizada.

En concellos como Ames, Teo e Boqueixón, que non a teñen, realizáronse múltiples curso de ofimática, manexo en internet, etc.

Nos centros Cemit pódense solicitar que fagan os exames CODIX, que son as certificacións galegas de competencias dixitais que son moi importantes. En todos os centros nos que se realizan teñen listas de espera e pide que xa que hai unha aula Cemit se aproveite.

2º.- Pregunta se o primeiro autobús a Santiago é ás 08:18 horas e se non vai haber ningún autobús antes para a xente que comece a traballar ás 08:00.

A Presidencia di que no novo proxecto chega a Santiago ás 08:18 horas e non sabe se vai haber autobús ás 08:00 horas.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos.